



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Situacións de comunicación en lingua estranxeira: Inglés

Materia	Situacións de comunicación en lingua estranxeira: Inglés			
Código	O05G110V01936			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Mcnicholls , Stuart John			
Profesorado	Figueroa Revilla, Beatríz Olga Mcnicholls , Stuart John			
Correo-e	stuartmcn@ymail.com			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo desta materia é proporcionar ao futuro profesorado unha visión metodolóxica sobre o ensino da lingua inglesa e profundar con elas y eles no enfoque comunicativo, con especial fincapé en situacións nas que comunicamos habitualmente. Ademais da abordaxe experiencial como estudantes do idioma, as y os alumnos en tanto que futuros docentes poderán explorar como xerar situacións de comunicación na aula.			

## Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostran posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
B4	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles
B5	Reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia
B7	Coñecer as implicacións educativas das tecnoloxías da información e a comunicación e, en particular, da televisión na primeira infancia.
B11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudantes
B12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación infantil e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
C42	Coñecer o currículo de lingua e lectoescritura desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes.
C43	Favorecer as capacidades de fala e de escritura.

C44	Coñecer e dominar técnicas de expresión oral e escrita.
C46	Comprender o paso da oralidad á escritura e coñecer os diferentes registros e usos da lingua.
C48	Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües.
C49	Recoñecer e valorar o uso adecuado da linguaxe verbal e non verbal.
C51	Adquirir formación literaria e en especial coñecer a literatura infantil.
C52	Ser capaz de fomentar unha primeira aproximación a unha lingua estranxeira.
C61	Controlar e facer o seguimento do proceso educativo e, en particular, de ensino e aprendizaxe mediante o dominio de técnicas e estratexias necesarias.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita
D4	Coñecemento de lingua estranxeira
D5	Coñecemento de informática
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D10	Traballo nun contexto internacional
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico
D14	Compromiso ético
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Creatividade
D18	Lideranza
D19	Coñecemento doutras culturas e costumes
D20	Iniciativa e espírito emprendedor
D21	Motivación pola calidade

### Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1. Diseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.	A1 A2 A3 A4 A5	B2 B12	C42 C43 C44 C46 C48 C49 C52	D2 D6 D9 D10 D17 D21
2. Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativo e promovelos entre os estudantes.	A3	B2 B4 B11	C42 C43 C44 C46 C48 C49 C52	D5 D10 D16 D21
3. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües.		B5	C43 C44 C46 C49	D3 D4 D5 D11 D12 D13 D20
4. Diseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá.	A3	B7		D8 D10 D12 D13 D14 D15
5. Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación.			C43 C52	D3 D4
6. Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes.	A4	B2	C42 C49	D2 D8 D18 D20

7. Identificar os tipos de actividades comunicativas nos ámbitos persoal, público, profesional e educativo.		C43 C52	D3 D4
8. Elaborar tarefas (situacións de comunicación) que contemplan os distintos tipos de actividades comunicativas en distintos ámbitos, adecuadas ao nivel A.1 do Marco.		C43 C52	D3 D4 D8 D10 D17 D18 D20 D21
9. Elaborar esquemas cognitivos que permitan dividir cada tarefa en subtarefas	A4	C46 C49	D4 D7 D21
10. Saber relacionar a tarefa co seu correspondente nivel de referencia (A.1 do Marco Común Europeo)		C43 C51 C52	D1 D20
11. Determinar as competencias xerais e as competencias comunicativas que corresponden a cada subtarefa		C51 C61	D4 D20
12. Levar a cabo a tarefa representándoa na aula.		C43 C52	D2 D3 D4 D9 D19 D21
13. Saber utilizar as escalas holísticas e específicas para a avaliación das tarefas.		C42 C43	

## Contidos

Tema	
MÓDULO 1	1. DIDÁCTICA Introducción aos conceptos básicos das actividades comunicativas.
MÓDULO 2	2. LINGUA Who are you (A identidade personal). 1. DIDÁCTICA O contexto do uso da lingua.
MÓDULO 3	2. LINGUA How are you? (O benestar en corpo, corazón e mente). 1. DIDÁCTICA O discurso como unidade básica de comunicación.
MÓDULO 4	2. LINGUA What's your family like? (Dinámicas e relacións familiares). 1. DIDÁCTICA Os esquemas cognitivos como ferramenta para estruturar as tarefas.
MÓDULO 5	2. LINGUA Have you met my better half? (Relacións de parexa e de amizade). 1. DIDÁCTICA Introducción aos conceptos básicos das competencias xerais e comunicativas.
MÓDULO 6	2. LINGUA What do you do? (Contextos profesionais, incluyendo o ensino). 1. DIDÁCTICA A avaliación a través dos niveis de referencia. 2. LINGUA What really matters? (Valores y metas personais).

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	18	29	47
Presentación	10	29	39
Actividades introdutorias	1	3	4
Resolución de problemas	18	22	40
Práctica de laboratorio	5	15	20

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

Descrición
------------

Traballo tutelado	O alumnado desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesorado. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do alumnado.
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante a ou o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de xeito individual ou en grupo.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia,
Resolución de problemas	Exposición por parte do profesorado dos contidos da materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo alumnado.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Atención e resolución de dúbidas do alumnado coa finalidade de guiar e orientar o proceso de aprendizaxe
Traballo tutelado	Atención e resolución de dúbidas do alumnado coa finalidade de guiar e orientar o proceso de aprendizaxe
Presentación	Atención e resolución de dúbidas do alumnado coa finalidade de guiar e orientar o proceso de aprendizaxe

### Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado Avaliación continua (en inglés): O alumnado desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixa as directrices e supervisión do profesorado. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do alumnado.	30	A3 B2 C43 D1 A4 B4 C44 D2 A5 B5 C46 D3 B7 C48 D4 B11 C49 D5 B12 C51 D6 C52 D7 C61 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21
Presentación Avaliación continua (en inglés): Probas para avaliación das competencias orais e escritas adquiridas nos traballos de aula e mediante mensaxes textuais e audiovisuais colgados na plataforma virtual da materia.	30	A3 B2 C42 D1 A4 B4 C43 D2 A5 B5 C44 D3 B7 C46 D4 B11 C48 D5 B12 C49 D6 C51 D7 C52 D8 C61 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21

Práctica de laboratorio	Avaliación continua (en inglés): Probas para a avaliación que inclúen actividades, problemas ou exercicios prácticos a resolver. O alumnado debe dar resposta á actividade presentada, aplicando os coñecementos teóricos e prácticos da materia.	40	C42 D1 C43 D2 C44 D6 C46 D9 C48 D12 C49 D17 C51 C52 C61
-------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----	---------------------------------------------------------------------------------

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Para superar a materia será requisito imprescindible aprobar (cun 50% como mínimo) cada un dos catro apartados arriba mencionados para facer a media. Os exames, traballos, presentacións e exposicións serán realizados en inglés. En caso de PLAXIO, a cualificación será SUSPENSO. Efectuarase un seguimento de asistencia a clase. En segunda convocatoria e para o alumnado que non se acolle á avaliación continua e/ou non asiste ao 80% das clases, realizarase un exame final que englobe todos os contidos e destrezas. Consistirá nun exame escrito de resposta longa (50%) e un exame oral (50%). De non ter superada a materia, as competencias non adquiridas serán avaliadas na convocatoria de xullo. Data do exame: Consultar a web da facultade no menú "Datos exames".

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

McNicholls, S., **Communicative Situations (apuntes de la asignatura)**, Puga, Dr Temes, 3, 32003 OURENSE, 20.1.2019

#### Bibliografía Complementaria

Agencia de Programas Educativos Europeos, **Portfolio Europeo de las Lenguas (PEL)**, Comité Nacional para el desarrollo del PEL, 2003

Council of Europe, **Common European framework of reference for languages: Learning, teaching, assessment**, Cambridge University Press & Modern Languages, 2001

González Piñeiro, M., Guillén Díaz, C. y Vez, J.M., **Didáctica de las lenguas modernas: Competencia plurilingüe e intercultural**, Editorial Síntesis, 2010

Frank, C., Rinvolucrí, M. y Berer, M., **Challenge to Think**, OUP, 1982

Hadfield, C. y Hadfield, J., **Writing Games**, Nelson, 1990

Hadfield, J., **Elementary Communication Games**, Nelson, 1984

Hadfield, J., **Intermediate Communication Games**, Nelson, 1990

Hadfield, J., **Advanced Communication Games**, Nelson, 1987

Klippel, F., **Keep Talking**, Cambridge University Press, 1984

Maley, A. y Duff, A., **Drama Techniques in Language Learning**, Cambridge University Press, 1982

Morgan, J. y Rinvolucrí, M., **The Q Book**, Longman, 1988

Rinvolucrí, M., **Grammar Games**, Cambridge University Press, 1984

### Recomendacións

#### Materias que continúan o temario

Didáctica da lingua estranxeira: Inglés/O05G120V01916

Lingua estranxeira a través da literatura infantil: Inglés/O05G120V01914

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Idioma estranxeiro: Inglés/O05G120V01907

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua inglesa e a súa didáctica/O05G120V01507

### Outros comentarios

Recoméndase a asistencia continua ás sesións de teoría e práctica. A asistencia considérase fundamental para o seguimento da materia por parte do alumnado. Recomendase un nivel B1 en inglés.

### Plan de Continxencias

#### Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento

da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

#### === ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Metodoloxías docentes que se manteñen:

As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios, dado que foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario 100% presencial a outro 100% en remoto. En calquera caso, a única diferenza atinxe ou espazo no que se desenvolverá a actividade. No posible escenario de ensinanza mixta ou semipresencial, as metodoloxías levaríanse a cabo de modo semipresencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensinanza a distancia, as metodoloxías previstas adaptaríanse a una modalidade de execución virtual.

Metodoloxías docentes que se modifican:

Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):

No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.

Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir:

Non hai modificacións nos contidos a impartir.

Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:

A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.

Outras modificacións:

Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia faiTIC como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

#### === ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.

Probas pendentes que se manteñen:

Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2020-21. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, se manteñen, tanto para o alumnado asistente, coma para o non asistente. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero si no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensinanza mixta ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Se non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual ou realizaríanse exclusivamente de forma virtual.

Se a situación é de ensinanza a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

Probas que se modifican

Para o curso 2020-2021, non hai modificacións nas probas de avaliación, agás no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.

Novas probas:

Non se prevén novas probas de avaliación.

Información adicional

Non hai.